Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 30 DE XULLO DE 2019 MARTES, 30 DE JULIO DE 2019 | BOP NÚMERO 142

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Percepción por asistencia efectiva ás reunións da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

PERCEPCIÓN POR ASISTENCIA EFECTIVA ÁS REUNIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno do Concello de Melide, na sesión extraordinaria do día 9 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: percepción por asistencia efectiva ás reunións da Xunta de Goberno Local.

Primeiro.–Os membros da Xunta de Goberno Local, agás os que perciban retribucións por adicación exclusiva ou parcial, percibirán 150 €/sesión por asistencia efectiva ás sesións, cun límite máximo de 4 sesións mensuais e, de celebrarse máis dunha sesión no mesmo día, unicamente se terá dereito ao cobramento dunha asistencia.

Segundo.–De conformidade co previsto no art. 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, os membros da Corporación que realicen desprazamentos por razóns de servizo terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido no Grupo 1 do RD 462/2002 e demais normas posteriores de actualización.

Terceiro.–Incorporar o presente acordo nas bases de execución do orzamento municipal.

Cuarto.–Publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o presente acordo.

Melide, 23 de xullo de 2019.

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

2019/6270

Número de anuncio 2019/6270